

Pepa NIETO

E o que máis me doe son as datas

A Kosovo, 1999

hoy, a todos los pueblos en guerra

E o que máis me doe son as datas,
lembralas como un fusilamento,
lembralas
con sangue desta guerra e tantas outras.

E non abonda con dicir
¡que fermoso día!
Nin uns anteollos escuros
evadirán as caras dos necios.

Xa ninguén se coñece polas rúas.
O que menos e o que máis,
vai falando dos seus mortos.
Xa ninguén sabe exactamente
a qué anaco do mundo pertence.

Aquí a paz baila entre fusís.

E dóesme, palabra malferida,
porque ando aínda sobre sangue.

Esperto entre noticias obrigadas
e cada vez máis torpes.
Dóeme
esta forma pasiva dos ollos
ante unha destrución que non comprendo.
Porque é alí, agora,
onde a Terra é un cadáver que fala so.

É alí, neste intre,
mentres me estou vestindo de domingo,
onde unha man se equivoca
e hai cen mortes.

E non me asusta ese zapato bocaaberto
quitándose metralla dos dentes.
Asústame o home.

[Do libro *Como ceniza.*]

